



# MONTE TAÚME

Adela Leiro, Mon Daporta  
xuño 2016



**Distancia:** 3 km desde Sta Clara de Novás, 1,6 km desde Seráns

**Dificultade:** media (a pé)



Entre os concellos do Porto do Son e Ribeira atópase un cumo illado que sobrancea na contorna, coroado por unha instalación de Vixilancia e Salvamento Marítimo, ao que é doado subir tanto a pé como en calquera tipo de vehículo (para a bicicleta o tramo final pendente e con varias reviravoltas é un pequeno reto). O Taúme só ten 240 m de altura pero a súa situación de privilexio convérteo nun fenomenal observatorio. Abrangue a liña de costa entre Sagres e monte Louro que inclúe o Parque Natural de Corrubedo cunha súa praia, dunas, marisma e sistema de lagoas do Carregal e Vixán; a localidade de Corrubedo, o cabo e o faro; as enseadas de Balieiros e a Recabeira coas súas praias; a praia de Areas Longas e o seu sistema dunar detrás do que se atopan as lagoas de Muro e Xuño; a Punta das Furnas e a praia de Río Sieira; e máis alá o castro de Baroña e a boca da ría de Muros e Noia. Ao sur tamén se ven as illas de Sálvora, o con de Nor e Vionta, na boca da ría de Arousa, e cara ao norte detrás do monte Louro, O Pindo, e ao fondo Fisterra. Cara ao leste ten os cumes da Curota e os Forcados da serra da Barbanza. As abas do Taúme tamén acollen o santuario de san Bieito de Seráns lugar con romería de sona e tradición nos arredores e fonte miragreira.



Santuario de san Bieito de Seráns



Vista desde o cumo do Taúme cara á costa de Porto do Son: praias e lagoas de Muro e Xuño



## PERCORRIDO

Ao Taúme pódese chegar desde o Porto do Son pola estrada que vai a Ribeira, collendo en Xuño o desvío a Corrubedo. En Santa Clara de Novás hai á esquerda da estrada un cruzamento cun indicador do miradoiro que nuns 2 km nos pon ao pé da subida, á esquerda, sinalizada, uns 800 m de reviravoltas para chegar ao cume; e desde Ribeira collendo, nas rotondas do remate da autovía, a estrada que vai a Olveira e Corrubedo. Pasada Olveira atopamos un cruzamento á dereita polo que, en 2,3 km chegamos a Seráns. Na entrada de Seráns á dereita da estrada hai un sinal que indica capela de San Bieito da que nos separan uns 600 m, aínda que para os automóviles a estrada é moi estreita, e imposible se se atopa a alguén de fronte. Do santuario ao cume só resta un km de subida.



O Taúme desde a lagoa de Muro



Vista desde o cume do Taúme cara a Corrubedo



Cume do Taúme e costa de Porto do Son